

ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 15 de setembro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 9 de setembro de 2021.
2. Dáse conta das bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais curtos de comercialización, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.
3. Dáse conta das bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
4. Dáse conta da resolución de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o exercicio 2021, do Ministerio de Igualdade.
5. Solicítase á Consellería do Mar subvención para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, con destino ó proxecto "Equipamento servizo de Salvamento e Socorrismo".
6. Concédese licenza para a construción dunha piscina ao aire libre no lugar dos Picotes, nº 11.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Concédese licenza para realizar as obras necesarias en cumprimento da orde de execución do expte.: 2021/DU490-017 na edificación sita na rúa Calzada n.º 13, Marín.

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50009266100A0H7X2G6C0N2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2021SE001-019
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 16/09/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/09/2021 12:34:27	Fecha: 13/09/2021 Hora: 10:09 Und. reg: REGISTRO GENERAL

